Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

LINGUA 3

Tema 07

A avoa Opalina

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Ao longo desta unidade, os nosos alumnos traballarán os seguintes contidos:

- Lectura dun texto narrativo e resolución de actividades de comprensión lectora.
- O artigo e a súa aplicación.
- Palabras con **c** e con **qu**.
- O que é unha familia de palabras.
- Describir persoas e animais.

Solucións das actividades

Antes de ler

– Resposta persoal. Semella unha señora activa e agradable.

– Resposta persoal. Parece que teñen moi boa relación, porque están a cociñar xuntas e ambas están a sorrir.

– Resposta persoal.

1. Resposta persoal. Os avós poden sentirse máis próximos a algúns dos seus netos ou netas, pero polo xeral deberían tratar a todos por igual.

Actividades de reforzo

1. Deixarémoslles tempo aos nenos para que leven a cabo unha lectura silenciosa do texto:

Poden ir apuntando as palabras cuxo significado descoñezan, para preguntalas despois.

Ao remataren a lectura, formularémoslles algunhas preguntas de comprensión global do texto. Por exemplo:

– *Por que Isa vai á escola tan contenta? Como é a avoa Opalina? Como vai vestida?*

– *Que oficio tiña o seu avó? Que foi ela cando era novo?*

– *Que é o que sabe a avoa Opalina de memoria?*

– *Que máis sabe facer? A quen dá para comer os pasteis que prepara?*

– *Que cousas dá a avoa Opalina? Que fai co seu xardín? A avoa Opalina ten boa saúde?*

7 A avoa Opalina

Antes de ler

- Como cres que é a avoa Opalina?
- Observa a última ilustración da lectura. Que relación cres que ten a nena coa súa avoa?
- Que trato tes ti co teu avó ou coa túa avoa?

Isa ía camiño da escola toda leda polo nome que atopara para a avoa da redacción.

Isa entrou na escola, sentou no seu pupitre, abriu o caderno e escribiu dun tirón e sen apenas corrixir:

Avoa Opalina

A avoa Opalina é maior, coma todas as avoas, pero non é vella. Ten o pelo moi fino e lévao sempre moi ben peiteado. Leva vestidos ata os pés e nos zapatos leva adornos de prata que brillan moito.

O seu avó foi **gobernador** e ela foi princesa cando era moza e aínda se lle nota bastante.

O pelo, as mans e os seus vestidos cheiran a limón. Ninguén recende tan ben coma ela.

Sabe todos os contos e todos os refráns e todas as cancións.

E sempre que llo pido cóntamos, e, cando quero, podo invitar os meus amigos a que veñan escoitala.

gobernador: persoa que representa un goberno nun territorio ou en determinados establecementos públicos.

80

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Interpretar e empregar diferentes tipos de códigos e linguaxes.	Interpretar e expor a información que transmiten a derradeira ilustración das que acompañan un relato. *Antes de ler.*
Aprender a aprender	Desenvolver estratexias e empregar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua.	Favorecer a adquisición de léxico a través da lectura de relatos e dos glosarios que acompañan as lecturas. Lectura.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	Participar en actividades colectivas e escolares para iniciativa propia e mostrando interese e iniciativa. Imaxinar ou anticipar desenvolvementos ou conclusións.	Participar nunha conversa sobre a personalidade dun personaxe dunha lectura, a avoa Opalina. *Antes de ler.* Comentar e opinar sobre o que lle dice nunha lectura unha avoa á súa neta. Lectura, Pr. 1.
Sociais e cívicas	Participar en actividades colectivas de forma colaborativa, respectando as achegas dos outros.	Participar no comentario colectivo ao redor do trato entre netos e avós, respetando as opinións alleas. *Antes de ler.*

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Sabe facer bolos e roscas e galletas; son os máis saborosos que se fan na vila. Eu podo comer todos os que queira e ela sempre di que si, que coma cantos me dea a gana, porque me sentan ben e axudan a medrar.

Mentres estou na escola vai ao campo montada a cabalo e cando volvo á casa sempre atopo un agasallo: un parruliño, unha parella de gatiños, un canciño…

Tamén me dá outros moitos regalos. Tece las moi suaves que nunca pican e faime chaquetas, gorros e calcetíns. Se quero, podo estrear cousas novas todas as semanas.

Ten un xardín moi grande cheo de flores. Todos os días manda un ramo á escola.

A miña avoa nunca se pon mala, e nunca hai que coidala. Tampouco hai que facerlle os recados porque a ela lle gusta facelos soa.

Aínda que nunca tose, ten unha caixiña chea de pastillas moi grandes, de moitas cores, eu podo comelas se quero porque como ela non as precisa…

A avoa Opalina quéreme moito e di que de todos os seus netos e netas ela prefíreme a min[1]. Eu tamén a prefiro a ela de avoa, e dígolle que me gusta como é, e que a quero sempre xunto a min, e a avoa Opalina ponse moi leda.

María PONCEL: *Abuelita Opalina* (tradución e adaptación).

1 Cres que unha avoa podería dicirlle isto á súa neta? Cres que está ben?

2. Comentaremos as palabras que nos pregunte o alumnado e as que consideremos que pode non entenderse. Por exemplo:

- *Que é escribir algo dun tirón? Escribistes algo así algunha vez?*
- *Que diferenza hai entre* maior *e* vella? *Por que a avoa Opalina é maior pero non é vella?*
- *Poderías describir como son os seguintes pasteis:* bolos, roscas, galletas? *Probáchelos?*
- *Que significa* estrear *unha peza de roupa? Cando estreamos roupa?*
- *Que é un* recado? *Que cousas se poden facer nun recado? Que se pode mercar?*

3. Relacionaremos os contidos da lectura coa experiencia persoal dos nenos:

- *A vosa avoa é parecida á avoa Opalina? En que se lle parece?*
- *Coñecedes a alguén que sexa fillo ou neto dun gobernador ou dunha persoa importante?*
- *Coñecedes a alguén que saiba moitos refráns e contos? Gústavos que volos expliquen?*
- *Os vosos pais ou os vosos avós saben preparar roscas e galletas? Gústanvos?*
- *Gústavos que vos fagan agasallos? Que agasallos vos gustan máis?*

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/88098

Antes de empezar a lectura, podemos mirar este vídeo no que se presenta a actividade da aboa Sara. Despois de velo, preguntaremos:

- *Por que saíu a avoa Sara pola televisión? Que fai de orixinal?*
- *Que fan os teus avós? Fixeron algo moi orixinal, que merecería unha noticia coma esta?*

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Educamos en valores

Aprendemos dos maiores

- Na lectura das páxinas 80 e 81 explícansenos as aventuras da simpática avoa Opalina.

Iso pódenos servir de pretexto para falarmos da importante función dos maiores na nosa sociedade. Preguntaremos:

- *Tendes avós? Trátanvos ben?*
- *Que cousas vos ensinan os vosos avós?*
- *Que podemos facer para que os nosos avós sexan máis felices?*

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nesta dobre páxina, os nosos alumnos realizarán as seguintes actividades:

- Resposta a preguntas sobre o contido da lectura.
- Substitución de palabras en frases por outras que lles sexan sinónimas.
- Ordenación de viñetas para que formen unha historia con sentido.
- Presentación do artigo e das suas contraccións.

Solucións das actividades

Ler e comprender

1. A continuación indicamos as respostas:

– Isa escribe unha redacción sobre a súa avoa, Opalina.

– A avoa ten o cabelo branco moi fino e lévao sempre moi ben peiteado.

– O avó da avoa Opalina foi gobernador.

– A avoa Opalina sabe facer bolos, roscas e galletas.

– Mentres isa vai á escola la avoa vai ao campo montada a cabalo e tráelle regalos.

2. Substituiremos as palabras subliñadas por estas outras:

contenta → leda

adobíos → adornos

ricos → saborosos

enferma → mala

atendela → coidala

enormes → grandes

3. A orde das viñetas é o seguinte: b. Isa vai moi leda cara á escola. / a. A avoa fora princesa cando era nova. / c. Cando Isa volve da escola a avoa sempre lle ten un regalo.

4. As palabras que sobran en cada listaxe son as seguintes:

– Listaxe amarela: adiviñas, chistes, poemas.

– Listaxe verde: macarróns, biscoitos, turróns.

Ler e comprender

Aprenderás a lembrar o que aconteceu nunha narración.

1 Lembra a lectura e responde as preguntas:

– Que escribe Isa no seu caderno?
– Como é o pelo da avoa?
– Quen foi o avó da avoa Opalina?
– Que doces sabe facer a avoa Opalina?
– Que fai a avoa mentres Isa vai á escola?



2 Substitúe nestas oracións as palabras subliñadas por outras que atoparás na lectura:

– Isa ía toda contenta para a escola.
– A avoa leva adobíos nos zapatos e fai uns bolos moi ricos.
– Ela nunca se pon enferma e nunca hai que atendela.
– As pastillas da avoa son enormes.

3 Observa as seguintes viñetas, ordénaas e di o que pasa en cada unha delas. Faino no teu caderno:

4 Das cousas que sabe ou fai a avoa, hai algunhas que sobran en cada listaxe. Cales son? Escríbeas no teu caderno:

contos	bolos	chaquetas
adiviñas	macarróns	gorros
refráns	roscas	calcetíns
chistes	biscoitos	bufandas
poemas	turróns	zapatos
cancións	galletas	pantalóns

5 Elixe un dos teus avós e escribe unha pequena redacción sobre como é e que cousas lle gusta facer, e que cousas facedes cando estades xuntos. Podes escribila no ordenador.

82 Tema 7

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	2	Responder a diversas cuestións sobre o contido dunha lectura.
	5	Expresar nunha breve redacción a relación con un dos avós, as súas actividades preferidas, etc.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Desenvolver a habilidade, a ve-locidade e a comprensión lec-tora.	Demostrar a comprensión dunha lectura respondendo preguntas sobre o contido. Act. 1. Substituír palabras por outras nunha lectura. Act. 2.
Aprender a aprender	Analizar e interpretar os ele-mentos do contexto para enri-quecer a comprensión de tex-tos e imaxes.	Identificar oracións dunha lectura subliñando unhas palabras por outras. Act. 2. Escribir unha redacción sobre un avó: as súas afeccións, etc. Act. 5
Dixital	Desenvolver destrezas para a procura, selección e tratamento da información.	Elaborar no ordenador unha re-dacción sobre un dos avós, as sú-as afeccións, etc. Act.9.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Gramática

Aprenderás a recoñecer os artigos e a formar as súas contraccións.

O artigo e as súas contraccións

Le e fíxate nas palabras salientadas que aparecen no texto:

Na estación hai unha nena e un neno cos seus pais que agardan o tren.

–Atención! Dentro dun anaco chegará á estación o tren procedente dun lugar moi afastado.

As palabras salientadas no texto anterior son artigos e contraccións.

O **artigo** é unha palabra que vai diante do nome e ten o seu mesmo xénero e número.

Os artigos son:

	Masculino		Feminino	
Singular	o	un	a	unha
Plural	os	uns	as	unhas

Cando os artigos están unidos a outras palabras forman **contraccións**.

As contraccións do artigo son:

	Masculino		Feminino	
	o	os	a	as
a	ao	aos	á	ás
de	do	dos	da	das
en	no	nos	na	nas
con	co	cos	coa	coas
por	polo	polos	pola	polas

	Masculino		Feminino	
	un	uns	unha	unhas
de	dun	duns	dunha	dunhas
en	nun	nuns	nunha	nunhas
con	cun	cuns	cunha	cunhas

Fíxate

Fíxate nas contraccións:
por + os = polos
de + un = dun
con + unha = cunha

– Listaxe vermella: bufandas, zapatos, pantalóns.

5. Actividade persoal.

Actividades de reforzo

1. Pedirémoslles aos nenos que lean o texto do primeiro recadro. A continuación, preguntarémoslles:

– *Como se chaman as palabras subliñadas?*

– *Hai algún artigo que estea unido a outras palabras? Cales?*

2. A continuación, os nenos lerán o texto do recadros de e fixaranse nas táboas cos paradigmas dos artigos e as contraccións.

Farémoslles algunhas preguntas para asegurármonos da comprensión das explicacións:

– *Que significa que o artigo e o nome concordan en xénero e en número?*

– *Que artigos son masculinos? E femininos? Que é unha contracción?*

– *Con que palabras se poden contraer os artigos?*

– *Cal é a contracción de de + un? E de en + un? E de en + o? E de por + as?*

Actividades de ampliación

1. Para practicar o complexo tema dos artigos e a s contraccións, podemos pedirlles aos nenos que volvan ler o texto.

Deberán buscar os artigos que aparecen e clasificalos segundo o seu xénero e número.

Para o caso das contraccións, dirannos a partir de que palabras se formaron os artigos.

Navegamos por Tiching

■ http://www.tiching.com/88105

Escoitaremos esta explicación, que nos indica como se contraen os artigos no caso dos topónimos.

Buscaremos outros topónimos e comprobaremos como se respecta a regra.

Anotacións

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Libro digital

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nesta dobre páxina os nenos resolverán actividades sobre os artigos e as súas contraccións e de ortografía:

- Compleción de palabras cos artigos que lles van ben.
- Detección do xénero dunha palabra a partir do artigo que leva.
- Corrección das formas contractas equivocadas dun texto.
- Compleción dun texto coas contraccións que lle faltan.
- Compleción de palabras coas grafías **c, qu, k**.
- Busca nunha sopa de letras de palabras que leven as grafías traballadas.

Solucións das actividades

Gramática

6. Os artigos que acompañaran ás palabras son os seguintes:

estación → a, unha.

selvas → as, unhas.

coche → o, un.

fragas → as, unhas.

ríos → os, uns.

illa → a, unha.

horario → o, un.

rapaces → as, unhas.

7. A palabra "maquinista" pode ser masculina ou femenina. Saberémolo polo determinante.

8. Actividade persoal.

9. Os habitantes do bosque teñen medo de que os homes destrúan *a* natureza; as árbores, as flores, os animais, o río, os peixes, as rochas.

Un día tiveron unha boa idea: argallaron un plan e puxeron a todos os animais de vixiantes. A ver quen se atreve!

10. As contraccións correctas son:

– *Nunha* póla había un...

– Vou de viaxe *cunha*...

– Gústame pasar rápido *polo*...

– Onte fomos *ao*...

Gramática

6 Sigue o exemplo e fai ti o mesmo no teu caderno coas seguintes palabras:

viaxeiros → os viaxeiros, uns viaxeiros

- estación
- coche
- ríos
- horario
- selvas
- fragas
- illa
- rapaces

7 Di se a palabra **maquinista** é masculina ou feminina:

- o maquinista
- un maquinista

- a maquinista
- unha maquinista

8 Escribe oracións con estas palabras. Lembra que poden ser tanto masculinas como femininas:

- dentista
- hóspede
- malabarista
- artista
- conserxe
- motorista

9 Completa este texto no teu caderno cos artigos que faltan:

... habitantes do bosque teñen medo de que ... homes destrúan ... natureza: ... árbores, ... flores, ... animais, ... río, ... peixes, ... rochas.

... día tiveron ... boa idea: argallaron ... plan e puxeron a todos ... animais de vixiantes. A ver quen se atreve!

10 Escribe as oracións usando correctamente as contraccións:

– En unha póla había un paxaro ledo.

– Vou de viaxe con unha maleta azul.

– Gústame pasar rápido por o túnel.

– Onte fomos a o cine en A Coruña.

11 Pon as contraccións do artigo que correspondan:

... cidade grande hai que ir ... ollos ben abertos e prestar moita atención ... coches e ... xente.

Debemos pararnos sempre ... semáforos e comprobar a cor ... luz antes de cruzar unha rúa. Tamén hai que prestarlles atención ... pasos de peóns.

84 Tema 7

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	6, 7, 8	Traballar o femenino e o masculino nunha serie de substantivos e artigos.
Espacial	14	Procurar nunha sopa de letras os nomes dunhas ilustracións con grafías ca, que, qui, co e cu.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Identificar e empregar axeitadamente os elementos básicos da lingua	Aplicar artigos determinados e indeterminados a unha serie de nomes seguindo un exemplo. Act. 6.
Aprender a aprender	Desenvolver estratexias e empregar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua.	Practicar o uso correcto de contraccións aplicandoas nunha serie de oracións. Act. 10. Procurar nomes representados en ilustracións e coas grafías ca, que, qui co ou cu, nunha sopa de letras. Act. 14.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Ortografía

Aprenderás a escribir palabras con **ca, que, qui, co** e **cu**.

Palabras con ca, que, qui, co e cu

Le este texto e observa as palabras salientadas:

O mércores, merquei unha cazadora e un quimono cuns cadros. Pola tarde, fomos camiñar un quilómetro polo campo.

Escríbese **c** diante de **a, o, u**.

Escríbese **qu** diante de **e, i**.

Lembra que en galego hai algunhas palabras que soan como *canón* ou *queixo*, pero que se escriben con **k** como *kiwi*, *karate*...

12 Escribe **c** ou **qu** nestas palabras e logo completa as oracións con elas. Faino no teu caderno:

- o…asión
- …ousas
- ros…illas
- …ores
- ros…óns
- …eixo
- mer…aches
- …ontar

– Vouche … algunhas … que me dixeron nunha … .

– Os …, as … e os globos de … gústanme moito.

– O … que … é moi forte.

13 Completa con **c**, **qu** ou **k** no teu caderno e logo escribe unha oración con seis destas palabras:

- ma…eta
- …arate
- bone…a
- …abeza
- cha…eta
- es…imó
- …ara…ol
- …aia…
- tron…o
- …oala
- …uller
- …ente

14 Busca na seguinte sopa de letras o nome dos debuxos que ves e escríbeos no teu caderno:

A	Z	O	G	I	S	U	C
R	O	N	Q	U	I	D	O
F	C	Q	U	I	L	O	R
O	X	H	C	I	R	N	A
C	N	S	A	C	O	T	Z
A	C	U	L	L	E	R	O
Q	U	E	N	L	L	A	N

11. As contraccións correctas son:

Pola cidade grande hai que ir *cos* ollos ben abertos e prestar moita atención *aos* coches e *á* xente.

Debemos pararnos sempre *nos* semáforos e comprobar a cor *da* luz antes de cruzar unha rúa. Tamén hai que prestarlles atención *aos* pasos de peóns.

Ortografía

12. As oracións completas son:

– Vouche **c**ontar algunhas **c**ousas que me dixeron nunha o**c**asión.

– Os ros**c**óns, as ros**qu**illas e os globos de **c**ores gústanme moito.

– O **qu**eixo que mer**c**aches é moi forte.

13. As palabras son: maqueta, karate, boneca, cabeza, chaqueta, esquimó, caracol, kaiak, tronco, koala, culler, quente. Actividade persoal.

14. Os nomes que aparecen na sopa de letras son: ronquido, quilo, culler, quenlla (horizontais), foca, ocas, corazón (verticais).

Actividades de reforzo

1. Ditarémoslles aos nenos as seguintes frases, nas que se traballan as grafías **ca, co, cu, que, qui**:

– *Quero ese queixo.*

– *O mosquito picoume o cóbado.*

– *O equipo puxo perrucas.*

– *A copa secou.*

– *O pencoso e as súas pencas.*

– *A cola seca.*

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/88100

Podemos practicar as contraccións do artigo nesta web. Proporciónanse cinco exercicios de dificultade variable.

Poderiamos responder as dúas primeiras actividades.

Libro digital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Anotacións

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nesta dobre páxina traballaremos as familias de palabras e a descrición de persoas e animais. Para iso realizaremos as seguintes actividades:

- Relación de palabras dunha mesma familia.
- Lectura e interpretación dun texto técnico con axuda do dicionario.
- Elaboración dunha ficha coas características dun compañeiro.
- Elección dun animal e a súa descrición utilizando os elementos propios desta tipoloxía textual.

Solucións das actividades

Vocabulario

15. As familias de palabras destes nomes son:

– Papel: empapelar, papelaría, papeleira, empapelado, papelorio.

– Xoguete: xogar, xoguetaría, xogado, xogo, xogador.

16. As palabras deberán relacionarse da seguinte forma:

– Baño: bañista, bañador, bañeira.

– Terra: extraterrestre, terráqueo, terraplén.

– Avión: aviador, aviación, hidroavión.

– Porta: porteiro, portón, portela.

17. Actividade persoal. A categoría, o xénero e o significado das palabras é o seguinte:

hematoma: *s.m.* Acumulación de sangue nun tecido por rotura dun vaso sanguíneo.

fractura: *s.f.* Rotura dun óso.

tendóns: *s.m.* Cada un dos órganos formados por tecido fibroso, nos que as fibras están dispostas en feixes paralelos entre si.

vacina: *s.f.* Molécula ou organismo que actúa como antíxeno, utilizado para producir inmunización preventiva.

tétano: *s.m.* Enfermidade moi grave producida por un bacilo

Vocabulario

Aprenderás a recoñecer familias de palabras.

Familia de palabras

Le e observa o debuxo:

Os nenos da clase de plástica fixeron unha flor de papel. Cada un deles escribiu unha palabra nunha folla da flor.



Coa palabra *flor* pódense construír outras palabras.

O conxunto de palabras derivadas dunha primitiva forman unha **familia de palabras**.

15 Escribe no teu caderno as familias de palabras de **papel** e de **xoguete**.

16 Relaciona palabras da mesma familia no teu caderno:

baño	aviador	extraterrestre	porteiro
terra	portón	bañista	aviación
avión	terráqueo	portela	bañador
porta	bañeira	hidroavión	terraplén

Dicionario

O dicionario indícanos a **categoría** das palabras. Ao carón dos nomes aparece *s.* (substantivo) e *m.* ou *f.* para indicar se é masculino ou feminino.

dente *s.m.* 1. Cada un dos órganos do home e doutros animais, de cor branca, duros…

17 Le o informe deste médico. Logo busca no dicionario as palabras salientadas e escribe a categoría, o xénero e o seu significado. Faino no teu caderno:

Xurxo ten un corte na man dereita e un hematoma. Tras realizarlle unha radiografía apréciase que non hai fractura. Tampouco hai tendóns afectados. Houbo que administrarlle a vacina contra o tétano e darlle varios puntos de sutura.



Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Naturalista	17	Buscar no diccionario e sinalar categoría, xénero e significado dunhas palabras salientadas nun texto.
	19	Elaborar dúas descricións no ordenador: dun animal que guste e dun animal que non guste.
Interpersoal	18	Practicar as descricións elaborando unha dun compañeiro seguindo unhas directrices.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Identificar e empregar os elementos básicos da lingua	Identificar tódalas palabras da mesma familia. Act. 16.
Aprender a aprender	Coñecer a orde alfabética e aplicala na análise de palabras e na consulta do diccionario.	Consultar no diccionario unhas palabras e indicar a categoría, xénero e significado. Act. 17.
Conciencia e expresións culturais	Apreciar a literatura como elemento de reflexión e procura de coñecementos.	Ler atentamente unha narración onde aparecen diversas descricións.Escribir, Lectura.
Dixital	Desenvolver destrezas para a procura, selección e tratamento da información.	Elaborar no ordenador unha descrición d'un animal que guste e unha doutro que non. Act. 19.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Escribir

Aprenderás a describir persoas e animais.

Describir persoas e animais

Le o seguinte texto:

A miña avoa ten cincuenta anos. Xa non é moi nova pero ela di que aínda está moi rufa. É alta e delgada e o seu pelo é branco como a neve e os seus ollos son azuis coma o ceo. Ten a cara morena e uns coloretes nas fazulas; a boca é pequerrecha, cuns beizos delgados.

Aínda que veña cansada do traballo sempre está leda e falangueira. Encántalle cociñar, calcetar e coidar o xardín. Tamén lle gusta contar historias, como esta dunha xoaniña:

"Había unha vez unha xoana con dúas ás duras e vermellas con pintiñas negras. Por debaixo dese vestido lindo levaba dúas pequenas ás negras, descansando. Aínda era pequena e, por iso, era unha xoana moi xoaniña. Era moi agarimosa e encantáballe peniscar nas herbas verdes".

Álvaro MAGALHÃES: *O home que non quería soñar* (adaptación). Vigo, Xerais, 1995.

Describir é explicar con palabras como son as persoas, os animais, os obxectos, os lugares...

Para describir unha persoa ou un animal temos que dicir de forma ordenada:

- Como é fisicamente: estatura, forma da cara, nariz, ollos...
- Como é o seu carácter: os seus gustos e afeccións.

Cando facemos descricións é importante usar moitos adxectivos e facer comparacións.

18 Escolle un compañeiro ou unha compañeira, completa estes datos e fai unha descrición no teu caderno:

- idade
- cara
- ollos
- gustos
- pelo
- nariz
- beizos
- afeccións

19 Escolle un animal que che guste e outro que non e fai unha descrición. Podes facela no ordenador.

que, xeralmente, penetra polas feridas, e provoca unha contracción permanente e dolorosa dos músculos.

sutura: *s.f.* Unión cirúrxica dos bordos dunha ferida, corte etc., mediante cosido con fíos ou grampas.

Escribir

18. Actividade persoal.

19. Actividade persoal.

Actividades de reforzo

1. Ditarémoslles a seguinte lista de palabras aos alumnos. Despois, terán que identificar a categoría e o xénero de cada unha delas.

Lista: *can, pediatra, xuíz, xornalista, carta, camión.*

Solución: can: *s.m.;* pediatra: *s.m/f;* xuíz: *s.m.;* xornalista: *s.m/f;* carta: *s.f.;* camión: *s.m.*

Actividades de ampliación

1. Os nenos pódense describir a si mesmos utilizando as técnicas de descrición que aprenderon no presente tema.

Lembrarémoslles que, nunha boa descrición, hai que:

- Comprobar que se seleccionou o máis característico.
- Evitar contar moitos detalles.

Solución: Actividade persoal.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/88106

Nesta páxina web encontraremos unha boa explicación sobre as familias léxicas.

Podemos comentar as familias léxicas que se propoñen e buscar máis familias a partir do modelo que se presenta.

LIBRO DIGITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

■ Nos apartados desta dobre páxina os alumnos traballarán os seguintes contidos:

- Elaboración dunha descrición oral a partir da observación de determinadas fotografías.
- Desciframento dun refrán escrito nun código secreto.
- Busca en dous debuxos das diferenzas que presentan.
- Lectura dun texto marcando o retrouso coas palmas.
- Lectura dunha ficha bibliográfica.

Solucións das actividades

Escoitar e falar

20. Actividade persoal. Comentaremoslles aos alumnos que, dado que hai vínculos afectivos, é interesante contar algunha anécdota relacionada co familiar.

21. Actividade en grupo. Lembraremos aos alumnos que poden facer preguntas sobre a idade do personaxe, si é home ou muller, a súa profesión, os seus trazos físicos...

22. Actividade en grupo.

23. Actividade persoal.

O trasno das palabras

1. O refrán secreto é: *"En febreiro sete capas e un sombreiro"*. Significa que no mes de febreiro chove e vai frío.

2. As oito diferenzas son:

1. No debuxo da esquerda hai un marco de fotos encima da cheminea que no da dereita non hai.
2. No debuxo da esquerda salguen dúas nubes de fume da cazola, no do dereita tres.
3. A alfombra do debuxo da esquerda ten as raias azuis máis estreitas que o da dereita.
4. No debuxo da esquerda o boneco de neve que está detrás da xanela está a sorrir; no da dereita, está triste.

Escoitar e falar

Aprenderás a describir oralmente persoas e animais.

Describir persoas e animais

Para **describir** de xeito oral unha persoa ou un animal, explicamos como é salientando as características máis importantes do aspecto físico e da forma de ser.

Para facer unha descrición oral, podes seguir unhas pautas:

- Observa atentamente a persoa ou o animal.
- Selecciona as principais características que o representan.
- Ordena as características antes de comezar a describir.

20 Leva á clase unha fotografía dun familiar ou do teu animal favorito. Descríbeo oralmente para que o resto da clase o coñeza.

21 O profesor ou a profesora pensa nun personaxe famoso. Facédelle preguntas sobre o seu aspecto físico e a súa forma de ser ata que adiviñedes a personaxe que pensou.

22 Se tes unha mascota na casa, descríbellela aos teus compañeiros e compañeiras. Se non tes, fai unha descrición de como che gustaría que fose.

23 Fai unha descrición oral do que ves nestas fotografías. Non esquezas seguir os pasos ordenadamente:

88 Tema 7

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	22	Describir á clase unha mascota.
Nauralista	23	Elaborar descricións orais seguindo uns pasos.
Lóxico-matemática	O tr…, 1	Decodificar un refrán aplicándolle un código.
Espacial	O tr…, 2	Identificar oito diferenzas entre dous debuxos.
Lingüística	O tr…, 3	Calcular as repeticións dunha serie de palabras.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Conciencia e expresións culturais	Familiarizarse con diferentes manifestacións e producións artísticas e culturais. Coñecer textos da tradición oral, popular e infantil.	Adiviñar un personaxe famoso preguntándolle aspectos descritivos ao profesor. Act. 21. Descifrar un refrán cun código feito de debuxos. O tr…, Act. 1.
Aprender a aprender	Seguir modelos, pautas e instruccións na elaboración das propias producións.	Traballar as descricións orais facendo unha da mascota na casa ou dunha que gusta. Act. 22.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Intervir en actividades con iniciativa propia e actitude colaborativa.	Practicar a descrición oral cunha mascota, xa sexa a da casa ou dunha que gostaría. Act. 22.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

O trasno das palabras

1 Descifra o refrán secreto co código. Escribe o que significa no teu caderno:

2 Busca as oito diferenzas entre estes debuxos e escríbeas no teu caderno:



3 **Eficacia lectora.** Escribe no teu caderno cantas veces aparece cada palabra:

coello	cólleo	cólleo	cólleno	cólleo	cólleo
cólleno	coello	coello	cólleno	coello	coello
cólleno	coello	cólleo	coello	cólleo	coello
cólleo	cólleo	coello	cólleno	cólleno	cólleno

Lectura recomendada

Agustín FERNÁNDEZ PAZ: *Lonxe do mar*. Madrid, Ed. Edelvives, 1996.

Subida ao curuto da montaña que está preto da súa casa, Ana sabe que alá lonxe está o mar. Pero o que máis desexa é ver o mar de cerca, sentir nos seus pés o vai e vén das ondas, comprobar o sabor salgado da auga...

Un día, Ana vai descubrir como é o mar de verdade.

5. A fogueira da esquerda ten tres troncos; a da dereita, catro.
6. No debuxo da esquerda hai sete troncos apilados e no da dereita, oito.
7. O floreiro da esquerda ten dúas flores; o da dereita, tres.
8. A cociña da esquerda ten tres botóns; a da dereita, catro.

3. A palabra *coello* aparece nove veces; a palabra *cólleo,* oito; e a palabra *cólleno*, sete.

Actividades de ampliación

1. Escribiremos no encerado o seguinte texto. Os nenos detectarán as palabras intrusas. Explicarémoslles que son: *velliño, casa* e *pratos* (a primeira vez que non son intrusas):

Era unha vez un velliño que vivía na súa casa co fillo e coa nora. Pero tremoláballe moito a mau e velliño cando comía casa caíanlle os pratos e rompía moitos velliño pratos casa.

A nora enfurruxábase pratos moito cando pasaba velliño isto, e a conta de repunar non parou pratos na casa ata que o velliño fillo lle fixo unha cunca de casa madeira pro pratos seu pai.

2. Repartirémoslles aos nenos unas fichas de cartón. Deberán imitar o xogo da actividade. Farano do seguinte xeito:

- Buscarán na lectura unha palabra que lles guste.
- Buscarán palabras que se lle parezan.
- Escribirán columnas de palabras en que apareza dúas veces a palabra elixida, xunto con estas palabras intrusas que terán inventado.
- Pasaremos as fichas e xogaremos a elas.

Solución: Actividade persoal e logo en grupo.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/88214

Nesta páxina podemos ver un equipo de xogadores infantil. Podemos describir o que vemos: como van vestidos, que fan, como teñen a cara, etc.

Respectaremos a orde que se presenta na páxina 88.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

cocido. **Que** fame nos entrou!

Orientacións didácticas

■ Nesta última dobre páxina faremos o seguinte:

- Repaso dos contidos traballados no libro mediante a realización de exercicios.
- Observación de cadros contestando preguntas sobre o seu contido.
- Explicación do significado dunha frase pronunciada por un pintor.
- Observación dunha entrada a un mueseo contestando preguntas sobre o seu contido.

Aprendín

1 Copia este texto no teu caderno e escribe os artigos nos recadros azuis (■) e as súas contraccións nos recadros vermellos (■):

■ neno colleu ■ tren para ir ■ casa ■ seus avós. Cando subiu ■ vagón sentiu ■ grande emoción. Era a primeira vez que viaxaba ■ tren. Ía el só porque ■ seus pais tiñan que traballar.

■ estación ■ vila estaban ■ avós esperándoo xunto ■ curmáns, que pronto serían ■ seus mellores amigos.

2 Completa no teu caderno con **c** ou **qu** as palabras destas oracións:

– No …ios…o venden lambetadas.
– Gústame o …eixo de …abra.
– Miña irmá pesa …ince …ilogramos.
– Xoán mer…ou un …adro …echua.

3 Escribe no teu caderno a palabra que non pertence á mesma familia:

horta → hortaliza hórreo horticultura hortelán
dente → dentista dentadura moa dental
herba → herbáceo herbiña herboristaría hedra

4 Clasifica estas palabras no teu caderno segundo se refiren ao aspecto físico ou ao carácter:

- moreno
- tranquila
- aburrido
- intelixente
- gordecho
- simpático
- alta
- forte
- fraca
- divertido
- triste
- pequeno

Ditado

Quique **e mais** eu fomos ao mercado. **Levabamos** a listaxe das mercas que nos fixera Carme. Tiñamos que mercar: **queixo** de **Arzúa**, catro quilos de patacas, **cebolas**, unha **cachucha** de porco, unha **monlla** de grelos e media **ducia** de **chourizos**.

Chegamos á casa co **carro** acugulado para facer un bo cocido. **Que** fame nos entrou!

Solucións das actividades

Aprendín

1. O texto completo é:

O neno colleu *o* tren para ir *á* casa *dos* seus avós. Cando subiu *ao* vagón sentiu *unha* grande emoción. Era a primeira vez que viaxaba *no* tren. Ía el só porque *os* seus pais tiñan que traballar.

Na estación *da* vila estaban *os* avós esperándoo xunto *aos* curmáns, que pronto serían *os* seus mellores amigos.

2. As palabras completaranse axí:

– No **qu**iosco venden lambetadas.
– Gústame o **qu**eixo de **c**abra.
– Miña irmá pesa **qu**ince **qu**ilogramos.
– Xoán mer**c**ou un **c**adro **qu**echua.

3. As palabras que no pertenecen á mesma familia son:

horta → hórreo.
dente → moa.
herba → hedra.

4. As palabras clasificaranse así:

– *Aspecto físico:* moreno, alta, gordecho, forte, fraca, pequeno.
– *Carácter:* intelixente, divertido, tranquila, triste, aburrido, simpático.

Avalío as miñas competencias

1. As respostas son as seguintes:

– Resposta persoal. O cadro de Matisse é mais moderno. Presenta unha técnica que non existía na época de Murillo.

Intelixencia múltiple	Activid.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	Ditado	Realizar un ditado para reforzar a ortografía e autoavaliar os seus resultados.
Lóxico-matemática	Avalío… 4	Interpretar unha entrada de museo e responder cuestións de datas e prezos.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Empregar ferramentas para reforzar o coñecemento da lingua. Utilizar e valorar o ditado como técnica de aprendizaxe. Argumentar e razoar as opinións e explicacións.	Traballar artigos, contraccións e descricións. Ap..., Act. 1, 4. Realizar un ditado e avaliar os propios resultados. *Ditado*. Interpretar a información de cadros e dunha entrada. Av..., 1, 4.
Conciencia e expresións culturais	Coñecer expresións artísticas e culturais e o seu contexto.	Interpretar axeitadamente cuestións de estilo en cadros, Av...., 1.
Dixital	Interpretar información na Internet para ampliar coñecementos	Identificar o pintor que é responsable dunha frase famosa. Av..., Act. 3.
Matemática e básicas en c. e t.	Resolver problemas co uso da linguaxe matemática.	Facer cálculos de prezos colectivos nunha entrada. Av..., Act. 6.
Sociais e cívicas	Asumir condutas cívicas e respectar as normas de conduta.	Identificar os datos relevantes nunha entrada. Av..., Act. 4.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Avalío as miñas competencias

1 Observa os seguintes cadros e responde as preguntas:

Bartolomé Esteban MURILLO: *Rapazas na ventá.*



Henri MATISSE: *Os peixes vermellos.*

– Cal dos dous cadros é mais moderno? Xustifica a túa resposta.
– Que cadro reflicte unha escena da vida cotiá?
– Hai un cadro máis realista que o outro? Por que o cres?

2 Fai unha descrición dun dos cadros anteriores.

3 Un dos pintores dos cadros anteriores dixo: "A cor debe ser pensada, soñada, imaxinada". Que pintor o dixo? Como o sabes?

4 Observa esta entrada para o museo e contesta:

MUSEO DE BELAS ARTES
16 de novembro
Entrada adulto
Prezo: 8 €
O Museo de Belas Artes permanece aberto todos os días da semana agás os luns.
Válida ata o 19-11
3 4 6 8 5 0 9 8 7 2 3 6



– Para que museo é esta entrada?
– Que tipo de obras se poderán ver neste museo?
– Podes visitar o museo o día 19 de novembro con esta entrada? Consulta o calendario.
– Se un adulto compra 5 entradas para o museo e paga cun billete de 100 €, canto lle teñen que devolver?

– Reflicte unha escena da vida cotiá o cadro de Bartolomé Esteban Murillo, no que se ven unhas rapazas na xanela.
– É máis realista o primeiro cadro, porque intenta reflectir a realidade, mentres que o segundo a distorsiona.

2. Actividade persoal.

3. O pintor do segundo cadro, xa que xoga coas cores, que chegan a reconstruír realidades.

4. As respostas son as seguintes:

– A entrada é para o museo de Belas Artes.
– Neste museo se poden ver obras artísticas: cadros, esculturas, mostras de arquitectura, etc.
– Actividade persoal. Si, pódese visitar o día 19 de novembro, xa que é válida ata este día.
– Cada entrada de adulto vale 8€, polo que 5 entradas serán 40€ (8 x 5 = 40). Se paga cun billete de 100€ devolveranlle 60€ (100 - 40 = 60).

ANOTACIÓNS

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

NAVEGAMOS POR TICHING

■ http://www.tiching.com/88104

Miraremos a páxina web dun museo, como esta, que corresponde ao Museo do Mar de Galicia. Os alumnos deberán encher unha ficha cos seguintes datos:

– Situación do museo e como chegar. Coleccións que alberga e interese que presentan.
– Existencia doutros servizos, como restaurantes dentro do museo.
– Existencia de coleccións temporais. Elaboraremos un folleto con toda esta información, incluíndo fotografías.

LIBRO DIXITAL

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

NAVEGAMOS POR TICHING	
TICHING	WEBS
http://www.tiching.com/88098	http://www.youtube.com/watch?v=Zr1o15XxD5Y
http://www.tiching.com/88105	http://www.ivoox.com/a-contraccion-do-artigo-nos-toponimos-audios-mp3_rf_970598_1.html
http://www.tiching.com/88100	http://gl.wikibooks.org/wiki/Exercicios_de_morfosintaxe_en_lingua_galega/artigo
http://www.tiching.com/88106	http://gl.wikipedia.org/wiki/Familia_l%C3%A9xica
http://www.tiching.com/88214	http://canadianhockeymoms.ca.s42870.gridserver.com/wp-content/uploads/2010/06/memorial_classic.jpg
http://www.tiching.com/88104	http://www.museodomar.com/gl

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES